

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 19 DE XANEIRO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Preguntas do PP presentado por escrito

“Celebrado o XIV Concurso de Escaparates de Nadal, dende o grupo municipal Popular se pregunta:

- 1ª.- Número de participantes nesta edición.
- 2ª.- Comparativa de participación coas edicións dos exercicios anteriores neste mandato.
- 3ª.- Establecementos ganadores do mesmo.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei quen, unha vez concedido, di que participaron 35 negocios; respecto da comparativa nesta lexislatura, di que no ano 2021 foron 34, no ano 2020 foron 38 e no ano 2019 foron 49; di que os ganadores foron o primeiro premio J Kids, o segundo premio Entretelando e o terceiro premio foi para Bouzaca, a tenda de larpeiradas de Cambre; di que o premio de votación popular corresponde a La Románica, o accésit máis sostible foi para Bicicletas Brais Chas, e o accésit de adecuación ao produto foi para a farmacia do Temple.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da segunda pregunta que redactada en castelán e traducida ao galego di:

“Transcorridos máis de dous meses dende que a Fiscalía provincial da Coruña informou á Intervención municipal da remisión de denuncia ao Xulgado Decano respecto ás dilixencias de investigación penal seguidas na citada fiscalía co nº 149/2022, dende o grupo municipal Popular se pregunta:

- 4ª.- Se recibíu algunha comunicación máis con respecto das citadas dilixencias, tanto provenientes da propia fiscalía como do xulgado competente?
- 5ª.- Vai comparecer o Concello de Cambre nas dilixencias xudiciais que se abran?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que non houbo ningunha nova comunicación.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas oralmente

“1ª.- O Concello de Cambre tamén acaba de adxudicar un servizo de representación legal por 2.238 euros e 2.299 euros, dos contratos menores, ambos ao mesmo gabinete xurídico para a defensa do Concello de

Cambre ante o Xulgado do Social número 1 de reforzo da Coruña, en dous procesos de despedimento de 2022. A que se debe?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que se trata de dúas denuncias de dúas persoas que participaron no obradoiro de emprego servizos sociosanitarios e que denuncian o despedimento improcedente; di que isto antes o levaba a Deputación, pero agora non; que un dos xuízos xa tivo lugar, a sentenza foi favorable ao concello e a persoa traballadora recorreu a sentenza; que o outro xuízo aínda non tivo lugar.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Garcia Hidalgo quen, unha vez concedido, di que quere deixar constancia de que ten rogos do pleno do mes de decembro aínda sen contestar e di que agradecería que se lle contestaran antes do vindeiro pleno.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

“1º.- Numerosas foron as ocasións nas que este grupo municipal Popular se interesou na presente lexislatura pola acumulación de lixo e materiais de toda clase no que se pode considerar auténticos vertedoiros incontrolados.

Nesta ocasión son os veciños de Lema, os que alertan sobre a acumulación de lixo, mobles, ferralla e toda clase de materias que aparecen amontoados xunto aos contedores de lixo existentes en Lema, nas inmediacións do bar O Farturento; algúns deles, como se aprecia nas fotografías que se achegan, moi probablemente tóxicos.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese a inmediata retirada dos citados materiais e o seu envío ao destino axeitado para este tipo de materiais, así como a realizar unha axeitada campaña de sinalización e sensibilización da poboación co medio ambiente que nos rodea, de xeito que se eviten condutas como a reflectida neste rogo.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que se acepta o rogo; di que en canto ás campañas, no ano 2021 se levou unha campaña polo Consorcio; di que o Concello tamén levou a cabo nos anos 2021 e 2022 unha campaña de educación ambiental.

“2º.- Tamén foron numerosas as ocasións nas que este grupo municipal Popular se interesou polo estado no que se encontran as nosas fontes e lavadoiros públicos. Nesta ocasión, vólvese a interesar unha actuación axeitada na fonte Neja, situada en Brexo-Lema, máis concretamente no camiño existente entre esta parroquia e San Lorenzo.

Tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, a fonte está engulida pola maleza e sucidade que impide sequera vela con facilidade.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para a súa axeitada limpeza e conservación.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que son conscientes e coñecedores do estado desa fonte e doutras espalladas polo termo municipal; di que se elaborou un prego de condicións para contratar o servizo de mantemento de fontes e limpeza de lavadoiros, que agora mesmo está no departamento de Contratación; di que a secretaría informou sobre aspectos do prego e se remitiu, de novo, ao departamento de Contratación.

Intervén o Sr. Abalo Cástex e di que con este tema das fontes, lavadoiros e marquesiñas se leva ano e medio ou dos anos, ou máis, e sempre se lle contesta que está no departamento de Contratación; que se inculpa aos funcionarios e que quere que isto siga adiante se hai vontade de resolver os problemas.

O Sr. Mallo Castro di que en ningún caso se está a inculpar aos funcionarios; di que está de acordo en que se está atrasando este contrato.

“3º.- Veciños e usuarios da rotonda do Paraugas, na parroquia do Temple, advírtennos dos defectos apreciados na infraestrutura eléctrica instalada nos últimos días para a iluminación de tan emblemático símbolo do noso municipio.

Tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, a citada instalación non parece a máis idónea en materia de seguridade; razón pola cal dende o grupo municipal Popular, se interesa que se corrixa de xeito inmediato, así como se erradique semellantes actuacións en futuras intervencións.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que este cableado pertence a unha das balizas situadas arredor do paraugas e que cando se retire a iluminación do Nadal quedará oculto e protexido.

O Sr. Abalo Cástex intervén e di que entende que esta situación é perigosa.

O Sr. presidente intervén e di que se intentará xestionar o máis axiña.

“4º.- En visita realizada ao parque infantil situado nas inmediacións do colexio do Graxal, se aprecia, tal como amosan as fotografías que se achegan, a existencia, cando menos, catro pavimentos distintos en apenas uns metros, así como o parcheo de pavimento instalado xunto ao hidrante, nunha das últimas intervencións; que converte ao citado lugar nun auténtico mostrario de lousado.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se interese, á maior brevidade posible, o correcto acabado das beirarrúas existentes no mencionado lugar, unificando o lousado alí existente.”

O Sr. presidente intervén e di que se podería comezar a discutir sobre o que é un correcto acabado; di que é unha cuestión estética, non un problema funcional e di que acepta o rogo.

“5º.- Así mesmo, veciños e usuarios do parque infantil existente fronte ao colexio do Graxal, nos amosan as súas queixas sobre a presenza do cadro de enerxía eléctrica existente no lugar. Tal como se aprecia na fotografía que se achega, nin o estado, nin a seguridade, nin a localización da citada infraestrutura parece a máis idónea para un cadro das citadas características.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se interese que se resolva o problema advertido á maior brevidade posible.”

O Sr. presidente intervén e manifesta que o cadro fai a función de regulador da rega automática, polo que, non se pode quitar; di que acepta o rogo, pero que non se vai realizar inmediatamente.

O Sr. Abalo Cástex pregunta se non hai problemas de seguridade.

O Sr. presidente contesta que, en principio, non hai inseguridade, agás que o neno abra o cadro e meta a man; di que tamén as nais están aí.

“6º.- Tamén nos amosan os veciños do Temple a falta de acabado do que, no mellor dos casos, parece ser un paso de peóns elevado, na parte traseira do parque infantil existente nas inmediacións do colexio do Graxal.

Tal como se aprecia na fotografía que se achega, as obras realizadas no lugar remataron co que parece ser acabado provisional que, tras o transcurso dos meses, parece terse convertido en definitivo; ademais de apreciarse matas no bordo da beirarrúa que o converten, nestes días de choiva, nun novo elemento perigoso.

Razón pola cal, dende o grupo municipal Popular se interesa que se realice o correcto acabado e limpeza do sinalado lugar.”

O Sr presidente intervén e di que, en canto á vexetación, acepta o rogo.

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados oralmente

“1º.- Ante o último accidente de tráfico acaecido no centro de Cambre, no que unha persoa foi atropelada, volve a rogar que se reforce a iluminación, así como a sinalización vertical e horizontal dos pasos de peóns do noso concello”.

O Sr. presidente intervén e di que é certo que hai un problema neste paso de peóns; di que acepta o rogo.

Rogo de Esquerda Unida presentado oralmente

A Sra. Santos López expón que no anuncio de exposición ao público do PXOM se sinala que o expediente poder ser consultado de 10.00 a 13.30 horas; di que, dado que é un instrumento moi importante lle parece axeitado presentar o seguinte rogo.

“Sexa tida en conta a posibilidade de facilitar que durante un ou dous días á semana, poida ser consultado o PXOM e o seu expediente nas dependencias deste concello en horario de tarde, cando menos, durante o período de dous meses de sometemento a información pública, co obxecto de facilitar que o acceso e participación real da veciñanza no documento máis importante do concello no relativo á ordenación do noso territorio e que implicará a xeracións futuras”.

O Sr. presidente intervén e di que acepta o rogo; di que quere manifestar o seguinte matiz: que o expediente do PXOM estará dispoñible na páxina web do concello e que tamén se pretende achegalo ás parroquias.

Preguntas do PP presentado por escrito

“Dado que, tal como dixo na Xunta de Voceiros, xa hai máis dun mes que se aprobou inicialmente o PXOM e que os veciños lle están a preguntar.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte ao concelleiro de urbanismo:

1ª.- Cando se prevé a publicación oficial do citado acordo plenario?

2ª.- Como e onde se publicará a documentación do PXOM?

3ª.- Que documentación vai ser obxecto de publicidade polo noso concello para xeral coñecemento dos nosos veciños?

4ª.- Que calendario manexan dende a concellería de Urbanismo respecto dos trámites posteriores á aprobación inicial e a súa exposición pública?”

O Sr. presidente intervén e manifesta que, en canto á primeira pregunta, di que hoxe; que en canto a como e onde, será no concello, na páxina web e probablemente nas parroquias; que en canto á terceira pregunta, se publicará todo o expediente administrativo e o proxecto do plan; que respecto do calendario, será segundo o prego de condicións e segundo o que marca a lexislación.

O Sr. Abalo Cástex intervén e pregunta se os veciños poderán consultar a súa parcela na páxina web ou terán que vir ao concello.

O Sr. González Leirós contesta dicindo que na páxina web está todo o PXOM; que no concello haberá planos xerais, estará unha persoa, o delineante, quen axudará aos veciños.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura da quinta pregunta que, redactada en castelán e traducida ao galego di:

“5ª.- Como complemento á pregunta formulada de xeito oral nas pasadas comisións informativas do mes de decembro, dende o grupo municipal Popular, se pregunta ao concelleiro competente se considera que sinais como a que amosa a fotografía que se achega se encontra no lugar e parroquia que sinala e non en Peirairo (Cecebre)?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro que, unha vez concedido, di que consultado o departamento, este di que o sinal está no lugar correcto.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas oralmente

“1ª.- Fai uns meses se aprobaba inicialmente en pleno o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) de Lendoiro, na Barcala, documento que permitirá a construción dun novo centro de día, cal é a expectativa de inicio de obras, así como prazos previstos?”

O Sr. presidente intervén e contesta dicindo que ese plan especial non está aprobado; que está agora mesmo en tramitación.

Pregunta de Esquerda Unida presentada oralmente

“Van colocar as ramplas de acceso provisionais ás beirarrúas en Maria Mariño e Francisco Añón, de acordo coa petición que se realizou na terceira pregunta do pleno de decembro?”

O Sr. presidente intervén e di que aínda non están; que lles dixo que as puxeran pero aínda non están; di que o requirirá outra vez.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP presentado por escrito

“Nos últimos días, coñeceron que o Concello de Cambre favoreceu a educación familiar e inclusión social de medio centenar de veciños a través do programa Píllara.

A vista do cal, o grupo municipal Popular pregunta á concelleira competente en Servizos Sociais:

1ª.- -En que consiste o citado programa Píllara?

2ª.- Este programa está subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo?

3ª.- En que proporción está subvencionado o citado programa pola Xunta de Galicia?

4ª.- Cal é a achega económica da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do programa Píllara en Cambre?

5ª.- Cal é a achega/participación económica do Concello de Cambre no citado programa?

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Sanguiñedo Álvarez quen manifesta que, respecto da primeira pregunta, lle parece mentira que lle pregunten isto, dado que este programa está en funcionamento dende o ano 2020; di que se trata de promover a igualdade, a saúde e a inclusión social; di que toda a documentación figura na páxina web do concello, dentro da área de Benestar Social.

Respecto da segunda pregunta, a Sra. Sanguiñedo Álvarez di que esta convocatoria está subvencionada polo Fondo Social Europeo dentro da liña 2014-2020, aínda que estemos no ano 2023; en canto á terceira

pregunta, di que 0%; en canto á cuarta pregunta, di que cero euros; e polo que respecta da pregunta quinta di que o gasto no ano 2022 por parte do Concello de Cambre é un 16.5% da totalidade do programa, o que supón 7.599,67 euros.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas oralmente

- “1ª.- Ante o incidente da casa das Palmeiras, cal é a previsión para a reapertura?”

- “2ª.- Vendo que este ano toca a renovación do Plan municipal de igualdade. En que punto está o cumprimento do plan?”

- “3ª.- Tamén, e como parte do anterior, como está o proceso de creación do Cim?”

O Sr. Mallo Castro intervén e di que, en canto á primeira pregunta, a empresa comunicou que hoxe intentaría rematar os traballos para asegurar as tellas que tiñan risco de caída e, tan pronto remate este traballo, se volverá a abrir a casa das Palmeiras.

O Sr. Mallo Castro di que a segunda pregunta a contestará por escrito.